



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral
de Desenvolvemento Pesqueiro



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO MARÍTIMO,
DE PESCA Y ACUICULTURA

XORNADA DIVULGATIVA PROXECTO: XESTION (PE209P_2024_00052)

ENTIDADE BENEFICIARIA: CONFRARÍA DE PESCADORES VIRXEN DO CARME DE ARCADE

IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA: 26.340,60 euros
PROXECTO COFINANCIADO POLO FEMPA NUN 70% (30% CCAA)

Eduardo Pérez Corbacho
Salón de Actos da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra
Arcade, 11 xullo 2025

1. ORDE DE AXUDAS, TAREAS E RESULTADOS DO PROXECTO

2. PROBLEMAS ACTUAIS DOS BANCOS MARISQUEIROS DA ENSEADA DE SAN SIMÓN

3. A SITUACIÓN DAS ASISTENCIAS TÉCNICAS



ORDE DE AXUDAS, TAREAS E RESULTADOS DO PROXECTO



III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MAR

ORDE do 2 de outubro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2024, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan a reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal para garantir unha actividade económica, social e ambientalmente sustentable (código de procedemento PE209P).

FEMPA contribuirá a fomentar una pesca sustentable e á recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos

Para asegurar a xestión sustentable dos recursos pesqueiros a Política Pesqueira Común fortalecerá a aplicación e seguimento dos **plans e medidas de xestión**

A presenza de **persoal técnico** nas entidades asociativas do sector dota a Galicia dunha rede única e cualificada para o asesoramento dos plans de xestión, a concienciación do sector, e a recollida de datos imprescindibles para o aproveitamento sustentable dos recursos pesqueiros



O **obxectivo principal** do proxecto era acadar unha xestión responsable e sostible dos recursos e hábitats costeiros, e o **específico** prestar un asesoramento técnico aos coxestores dos plans de xestión. Para o que se precisa contar cunha **asistencia técnica (AT)**

A orde tamén financia a contratación de persoal de vixilancia así como material para a AT, pero neste proxecto non se solicitou nada para esas partidas





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado pola
Unión Europea

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. Programa para España 2021-2027. Prioridade 1, O.E. 1.1. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

A: GASTOS DE PERSOAL CONTRATADO (Art. 7.1.a))

ANO	Posto de traballo	Categoría	Nº efectivos	Meses	SOLDO NETO	IRPF	Seg.Social (coste total)	Total individual / mes	Total individual / ano	TOTAL (sen IVE)	IVE	TOTAL
2024	A.T.	Biólogo	1	6	1.433,87	146,67	721,63	2.302,17	13.813,02	13.813,02		13.813,02
TOTAL 2024					1.433,87	146,67	721,63	2.302,17	13.813,02	13.813,02		13.813,02
2025	A.T.	Biólogo	1	6	1.433,87	146,67	721,63	2.302,17	13.813,02	13.813,02		13.813,02
TOTAL 2025					1.433,87	146,67	721,63	2.302,17	13.813,02	13.813,02		13.813,02
TOTAL 2024+2025										27.626,04		27.626,04

II. Plan financeiro:

Importe total do proxecto	27.626,04 €		
Importe solicitado subvencionable	26.340,60 €	Porcentaxe da subvención	100%
Importe público	Total subvencionado	FEMPA (70%)	C.A.(30%)
	26.340,60 €	18.438,42 €	7.902,18 €
Importe privado	0,00 €		



Art. 26.2.a.4 As persoas contratadas deben dedicar a totalidade da súa xornada á realización das tarefas definidas no proxecto subvencionado; non pertencen aos órganos de goberno da entidade, e non teñen vinculación de parentesco ou afinidade con persoas membros dos órganos de goberno no momento da primeira contratación



Art. 5.2.r) Organizar unha **xornada informativa** para divulgar o proxecto subvencionado. O lugar e a hora da realización desa xornada deberán ser comunicados cunha antelación mínima dunha semana

Art. 26.7) A xornada de divulgación deberá xustificarse cunha **reportaxe fotográfica**, xunto co **parte de asistencia** asinado polos participantes, segundo modelo G dispoñible na web da Consellería do Mar



Art. 6.2.1) LABORES DA ASISTENCIA TÉCNICA

Actuará baixo as directrices da Dirección Coordinación Técnica da Consellería do Mar

- a) Elaboración e seguimento dos plans de coxestión
- b) Optimización e seguimento dunha correcta xestión dos recursos
- c) Formación dos socios
- d) Aumento da sensibilización ambiental
- e) Contribución á vixilancia epidemiolóxica
- f) Colaboración cos técnicos da Consellería do Mar nos asuntos relacionados coa xestión dos recursos, restauración dos ecosistemas e mellora da produtividade dos bancos marisqueiros
- g) Comunicación da realización das actuacións cunha antelación mínima de 48 horas á Sección de Coordinación Técnica da Consellería do Mar
- h) Manter actualizada no servidor da FTP do INTECMAR cunha periodicidade mínima mensual



a) Elaboración e seguimento dos plans de coxestión

Durante a duración deste proxecto (xullo 2024-xuño 2025) non foi preciso elaborar plans de coxestión, dado que teñen vixencia ata o 2026



Anos de vixencia	2024, 2025, 2026	PE403A 2023/37-5
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE ARCADE	
Plan de xestión	ESPECÍFICO DE MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime	LIBRE MARISQUEO	
Modalidade	MARISQUEO A PÉ	

Especies obxectivo	Ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), ameixa xaponesa (<i>R. philippinarum</i>), berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>), birollo (<i>Cerastoderma glaucum</i>), ostra plana (<i>Ostrea edulis</i>)
Ámbito do plan	Dende a caseta do Cebreiro ata pedra dos Caralletes



Anos de vixencia	2024, 2025, 2026	PE403A 2023/38-5
Entidades	CONFRARÍAS DE ARCADE E VILABOA	
Plan de xestión	CONXUNTO ESPECÍFICO DE MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime	LIBRE MARISQUEO	
Modalidade	MARISQUEO A PÉ	

Especies obxectivo	Ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), ameixa xaponesa (<i>R. philippinarum</i>), berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>), birollo (<i>Cerastoderma glaucum</i>)
Ámbito do plan	zona Intermareal de Punta Cabalo a Pedra dos Caralletes (Cunchido e Larache)



Anos de vixencia	2024, 2025, 2026	PE403A 2023/40-5
Entidade	ASOCIACIÓN DE MARISQUEO A FLOTE DA RÍA DE VIGO E CONFRARÍA DE BAIONA	
Plan de xestión	ESPECÍFICO DE MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime	LIBRE MARISQUEO	
Modalidade	MARISQUEO DENDE EMBARCACIÓN	

Especies obxectivo	Ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), Ameixa babosa (<i>Venerupis corrugata</i>), ameixa rubia (<i>Polittapes rhomboides</i>), ameixa xaponesa (<i>Ruditapes philippinarum</i>), berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>), birollo (<i>Cerastoderma glaucum</i>), carneiro (<i>Venus verrucosa</i>), cornicha (<i>Spisula solida</i>), ameixa bicuda (<i>Polittapes aureus</i>), ameixon (<i>Callista chione</i>), reló (<i>Dosinia exoleta</i>)
Ámbito do plan	Zona sublitoral da Ría de Vigo, agás a autorización da confraría de Baiona



En canto ao seguimento dos plans indicar que procede basicamente das mostraxes de avaliación de poboacións de stocks


No marisqueo a pé realízanse mostraxes semestrais sobre os bancos intermareais, así como extraordinarios en casos de mortalidades masivas. Na vixencia do proxecto realizáronse mostraxes nos principais bancos do intermareal de Arcade, así coma nos de Cunchido e Larache en outono de 2024 e primavera de 2025. Nestas mostraxes a AT da confraría conta coa colaboración de técnicos da Delegación Territorial da Consellería do Mar de Vigo



As mostraxes que se realizan sobre os bancos sublitorais xestionanse dende a Asociación de Marisqueo a Flote da Ría de Vigo. Durante a vixencia do proxecto a AT de Arcade participou nas mostraxes realizadas en outono do 2024 no sublitoral de San Simón



Os datos obtidos nas mostraxes tratanse mediante a **ferramenta ARouSA** de avaliación de stocks o que permite avaliar e coñecer a estrutura de tamaños das poboacións de bivalvos explotados. Cos resultados cubrese o **modelo AT0** que se sube á FTP do INTECMAR



b) Optimización e seguimento dunha correcta xestión dos recursos

Análise dos descritores definidos na Directiva Marco sobre a Estratexia Mariña (DMEM)

A DMEM establece uns obxetivos comúns da UE para a prevención, protección e conservación do medio marino ante as presións e os impactos das actividades humanas. Indica 11 descriptores que definen o "bo estado ambiental" do medio marino

Descriptor 1. Biodiversidade

Descriptor 2. Especies alóctonas

Descriptor 3. Saúde dos stocks explotados

Descriptor 10. Basuras mariñas



Descriptor 1. Biodiversidade

Anexo 1110000 Distribución das especies, Anexo 1120000 Tamaño da poboación, Anexo 1130000 Estado da poboación. Anexo 1231100a Habitats: calidade dos substratos blandos. Anexo 1311100a Ecosistemas: especies conspicuas, Anexo 1312000a Ecosistemas: depredadores e competidores

Descriptor 3. Saúde dos stocks explotados

Anexo 3130000 Tamaño dos exemplares capturados, Anexo 3210000 Biomasa dos reprodutores, Anexo 3220000 Indices de biomasa, Anexo 3230000 Porcentaxe exemplares talla comercial primavera, Anexo 3310000 Proporcion individuos talla superior madurez, Anexo 3320000 Lonxitude máxima




X	Y	Datum	Banco	Est	Mostra	Data	Especie	ind/m ² non com	ind/m ² com	ind/m ² Total	g/m ² non com	g/m ² com	g/m ² Total	Anexo	IDPlan
531017	4686962	wgs84	VI-172	Area	raar240901	18/10/2024	AX	9,09090909	0	9,09090909	5,4364055	0	5,4364055	1110000	PE403A 2023/37-5
531043	4686913	wgs84	VI-172	Area	raar240902	18/10/2024	AX	9,09090909	0	9,09090909	5,4364055	0	5,4364055	1110000	PE403A 2023/37-5
531017	4686888	wgs84	VI-172	Area	raar240903	18/10/2024	AX	0	0	0	0	0	0	1110000	PE403A 2023/37-5
531027	4687005	wgs84	VI-172	Rio	rarp240901	18/10/2024	AX	9,09090909	0	9,09090909	5,4364055	0	5,4364055	1110000	PE403A 2023/37-5
531059	4686953	wgs84	VI-172	Rio	rar240901	18/10/2024	AX	0	0	0	0	0	0	1110000	PE403A 2023/37-5
531051	4686889	wgs84	VI-172	Rio	rar240902	18/10/2024	AX	0	0	0	0	0	0	1110000	PE403A 2023/37-5
531082	4686879	wgs84	VI-172	Rio	rar240903	18/10/2024	AX	0	0	0	0	0	0	1110000	PE403A 2023/37-5
531087	4686831	wgs84	VI-172	Rio	rar240904	18/10/2024	AX	0	0	0	0	0	0	1110000	PE403A 2023/37-5



Seguimento da composición específica das capturas e estrutura de tamaños

Realizaronse preto de 20 controis de talla básicamente de ameixa xaponesa do banco intermareal do Cunchido e do sublitoral do Cabalo



Tamaño comercial =	38mm
Tamaño medio =	43,61mm
n =	110
erro =	0,3570mm
L1 =	43,25mm
L2 =	43,96mm
% non comercial =	2,73%
erro =	1,5601%
L1 =	1,17%
L2 =	4,29%

Banco =	Cunchido
Data =	27/02/2025
Especie =	Xaponesa
Tamaño máximo=	56,4mm
Percentil 95=	49,49mm



Cartografado da actividade extractiva realizada polos socios da entidade

Mensualmente subense á FTP do INTECMAR os arquivos actualizados do **modelo AT2** (seguimento da actividade extractiva, quilogramos, zonas, esforzo de pesca, prezos...) dos plans nos que se realizou actividade extractiva: conxunto a pé no Cunchido, e flote da ría de Vigo

Cofradia	Esp	Mes	Data	Persoas (nº)	Capturas (Kg)	Importe (€)	Embarcacións (nº)	Banco
Arcade	CA	2	05/02/2025	9	27	297,75	6	Tiran
Arcade	CO	2	05/02/2025	6	36,4	479,86	3	Cornicha_Baiona_Exterior
Arcade	AB	2	06/02/2025	3	5,75	143,39	2	Tiran
Arcade	AB	2	06/02/2025	1	7	176,4	1	Rodeira
Arcade	AB	2	06/02/2025	2	14	351,4	2	Canido_inv
Arcade	AR	2	06/02/2025	7	48,7	627,36	4	Tiran
Arcade	CA	2	06/02/2025	8	24	256,05	5	Tiran



Seguimento de indicadores de abundancia e da saúde do stock das principais especies explotadas

A Captura Por Unidade de Esfuerzo (CPUE) permite obter unha estimación indirecta do estado dos bancos marisqueiros

Cofradia	Esp	Mes	Data	Persoas (nº)	Capturas (Kg)	Importe (€)	Embarcacións (nº)	Banco	CPUE	Precio Medio
Arcade	CA	2	05/02/2025	9	27	297,75	6	Tiran	3,00	11,03
Arcade	CO	2	05/02/2025	6	36,4	479,86	3	Cornicha_Baiona_Exterior	6,07	13,18
Arcade	AB	2	06/02/2025	3	5,75	143,39	2	Tiran	1,92	24,94
Arcade	AB	2	06/02/2025	1	7	176,4	1	Rodeira	7,00	25,20
Arcade	AB	2	06/02/2025	2	14	351,4	2	Canido_inv	7,00	25,10
Arcade	AR	2	06/02/2025	7	48,7	627,36	4	Tiran	6,96	12,88
Arcade	CA	2	06/02/2025	8	24	256,05	5	Tiran	3,00	10,67



Descriptor 2. Especies alóctonas

Anexo 2110000 Abundancia

Anexo 2210000 Cuantificación presencia



Descriptor 10. Basuras mariñas

Anexo 10110000 Cuantificación



c) Formación dos socios

Durante a vixencia do proxecto realízanse charlas informativas sobre o estado dos bancos, proxectos en curso...

d) Aumento da sensibilización ambiental, redacción de proxectos de recuperación dos ecosistemas e de mellora da produtividade dos bancos marisqueiros



PE209P 2024 00052 Xestión (nov- 2024)

PE209F 2024 00015 Sen lixo. Confraría de Arcade contra o lixo mariño (nov-2024)

PE209H 2025 002 Mellora da produtividade no intermareal de Arcade (xan-2025)

PE155A 2025 00156 Aula do mar (mar-2025)

PE209P Xestionando o marisqueo (mai-2025)

Seguimento, control e planificación dos proxectos de rexeneración e mellora da produtividade desenvolvidos no ámbito da entidade



e) Contribución á vixilancia epidemiolóxica

Enviaronse as mostras solicitadas polo INTECMAR para coñecer o estado sanitario das augas e especies marisqueiras, tanto de mexillón da Pedra Taboeira para microbioloxía, hidrocarburos e organoclorados, como de ameixa xaponesa do Cunchido (xunto coa AT de Vilaboa) para caracterización microbiolóxica da zona

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

intecmar
INTECMAR S.L.
R.D. 1500/2007 DO MAR

Polígono Industrial
36111 Vilagrande (Pontevedra)
Tel: 986 51 23 21 / 22
Fax: 986 51 23 89
www.intecmar.gal

Solicitud de Mostras

RECOLLIDA POR:	Eduardo Pérez Corbacho	SOLICITUDE Nº:	
CENTRO ORIXEN:	C. Arcade		
ZONA:	GAL-11/06		
DATA MOSTRAXE:	23/06/2025		
DATA SOLICITUDE:	19/06/2025	FAX:	986 700246
DATA ENVIO:			

PUNTO: I11.08 - Arcade, Pedra Taboeira
SITUACION: Arcade, Pedra Taboeira
PESO APROX.: 30 Unds. CONTENEDOR:

ESPECIE:	Mexillón Roce
Biotoxinas	
Fitoplancto	
Bioxeoquímica	
Microbioloxía	✓
Patoloxía	
Metais	
Organoclorados	
Hidrocarburos	

IB80250 02911

PUNTO: SITUACION: PESO APROX.: CONTENEDOR: ESPECIE:

Biotoxinas	
Fitoplancto	
Bioxeoquímica	
Microbioloxía	
Patoloxía	
Metais	
Organoclorados	
Hidrocarburos	

PUNTO: SITUACION: PESO APROX.: CONTENEDOR: ESPECIE:

Biotoxinas	
Fitoplancto	
Bioxeoquímica	
Microbioloxía	
Patoloxía	
Metais	
Organoclorados	
Hidrocarburos	

PUNTO: SITUACION: PESO APROX.: CONTENEDOR: ESPECIE:

Biotoxinas	
Fitoplancto	
Bioxeoquímica	
Microbioloxía	
Patoloxía	
Metais	
Organoclorados	
Hidrocarburos	

Observacións

Recomendacións

- 1.- Devolver a presente solicitude debidamente cumprimentada.
- 2.- Identificar adecuadamente cada mostra mediante a correspondente etiqueta no seu interior. Cando se envíen mostras para máis dunha unidade de INTECMAR, enviar unha bolsa acoirazada para cada unidade.
- 3.- Enviar as mostras o máximo día despois da súa recollida, debidamente rotuladas.
- 4.- Coa excepción da ESPÉCIE, PUNTO e SITUACIÓN recollidos as mostras de auga recollidas por as unidades de Oceanografía e Fitoplancto e Bioxeoquímica.

FPG-10-01/04 E2

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

Polígono Industrial, s/n
36111 Vilagrande (Pontevedra)
Tel: 986 51 23 21 / 22
www.intecmar.gal

intecmar
INTECMAR S.L.
R.D. 1500/2007 DO MAR

galicia

RECOLLIDA POR: EDUARDO PEREZ CORBACHO / AT COMPRARIA ARCADE

CENTRO ORIXEN (COMPRARIA): ARCADE	GAL: 1106	E-MAIL: eduardoperezcorbacho@gmail.com
DATA/HORA MOSTRAXE: 24/06/25 10:00	DATA SOLICITUDE: 19/06/25	DATA ENVIO: 24/06/25

Datos da Mostra

Código PUNTO: I11.08	ZONA / PUNTO: GAL 1106 / I11.08 ARCADE, PEDRA TABOEIRA
	SITUACION / MAR: ARCADE, PEDRA TABOEIRA / VAGO
	POSICION RECOLLIDA: Coord. X 551734 Coord. Y 4687948
	*Sin se non inclúe mapa na parte inferior
	ESPECIE: MEXILLON
	CONTENEDOR: Bolsa

Desarrollo	Cantidad	Observación
Microbioloxía	30 unds	Registra refrigeración

OBSERVACIÓN:

Datos Xeográficos do Punto de Mostaxe (mapa INDICANDO O PUNTO DE RECOLLIDA)

Solicitud de Mostras a enviar ó INTECMAR.

O asinante certifica que son certos os datos engadidos por el a esta solicitude e que o punto de recollida da mostra enviada ó INTECMAR coincide co sinalado no mapa.

Assinatura:

Ass.: Eduardo Pérez Corbacho Data: 24-06/25

Xacobeo 2021



Para poder avaliar os **resultados** do proxecto a propia memoria do proxecto incluía unha **MATRIZ DE PLANIFICACIÓN** que establecía as tarefas a realizar e a periodicidade das mesmas

Tarefa	Descrición	Previsto	Realizado	Porcentaxe cumprimento*
T1	Mostraxes avaliación (nº bancos)	23	19	83
T2	Mostraxes talla	12	17	100
T3	Mostraxes mortalidade (nº bancos)	5	5	100
T4	Envío mostras ao INTECMAR	As solicitadas		100
T5	Mostraxes seguimento	23	19	83
T6	Granulometrías	16	0	0
T7	Rexistro T e S (datos diarios sensor)	Diario		100
T8	Cartografía en QGIS	3	0	0
T9	Actualización AT2 e ATO	Mensual e anual respectivamente		100
T10	Xuntanzas	4	4	100
T11	Asistencia ao sector	Continua		100
T12	Xornada difusión	1	1	100
T13	Xornada difusión	1	1	100
T14	Outras tarefas	Colaboración en proxectos...		100

* Ano en cese de actividade, sen a flota traballando na Enseada de San Simón...




PROBLEMAS ACTUAIS DOS BANCOS MARISQUEIROS DA ENSEADA DE SAN SIMÓN



Dende un punto de vista biolóxico o principal problema que hai que solventar na actualidade nos bancos marisqueiros da Enseada de San Simón é o estado crítico, **COLAPSO, dos stocks de bivalvos comerciais**, que deriva:

- Por unha parte da **falla do recrutamento** debido ao descenso do stock de reprodutores (condicións ambientais e explotación intensa)
- As **sementeiras de xuvenis** como apoio ao recrutamento non están dando os resultados esperados



As **RIADAS** e os efectos provocados polas mesmas nos bivalvos teñen moita indicencia na situación dos bancos marisqueiros na medida en que nos mesmos se acumulan restos procedentes do río, e a falta de actividade marisqueira, debida aos ceses de actividade, favorece a colonización por zostera




En xuño de 2025, o **SEAGA** realizou roturados no intermareal, e está solicitado que continúen con este tipo de actividades



En canto aos resultados esperados das sementeiras, compre recordar os resultados presentados no II SITEM o pasado mes de xuño de 2025 sobre o seguimento dun lote de semente de ameixa en tubos, que acadou a talla comercial nun ano sen problemas de mortalidade relevantes. O que nos leva ao outro gran problema que existe: a **DEPREDACIÓN**







Ante esta situación prestase atención a calquer actividade que poda axudar a mellorar a xestión. Participando en proxectos **REDEMAR** que persiguen recuperar especies autóctonas (OSTREARES) e procurando estar presente naqueles que poderían aportar información útil ao sector:

- Modelización de eventos extremos e integración dunha rede de monitorización dos bancos marisqueiros para acadar a resiliencia ecosistemica sustentable (MIMBRES). **IIM-CSIC, Federación Galega de Confrarías e Confrarías de Noia, Cambados, Carril, Arcade e Lonxa de Campelo**



- Estudo do estado de saúde dos bancos infaunais de ameixa xaponesa na ría de Vigo: elaboración do primeiro mapa metaxonómico da Enseada de San Simón (METABALVI). **IIM-CSIC, Federación Provincial Confrarías de Pontevedra, e Confrarías de Arcade, Redondela e Vilaboa**



Aportando a información solicitada a centros coma o **CETMAR** ou **CIMA** para estudos relativos aos depredadores

Mantendo xuntanzas con técnicos da Universidade de Vigo e do resto das entidades da Enseada para o deseño dun proxecto que aporte solucións a situación actual, como a procura de zonas que podan actuar como **SANTUARIOS** nos que manter stocks de reproductores



PERO OS EFECTOS DE CALQUER MEDIDA QUE SE ADOPTE SON A MEDIO PRAZO

O ritmo actual de traballo de marisqueo a flote durante todo o ano resulta insostenible. O estado dos bancos sublitorais de San Simón incrementa a presión sobre outras zonas ou especies que tamén se atopan nunha situación complicada



En canto ao colectivo de marisqueo a pé desta entidade parece estar abocado á desaparición



FONDO EUROPEO MARÍTIMO, DE PESCA Y DE ACUICULTURA

PROGRAMA PARA ESPAÑA

2021-2027



Innovación

Aunque la innovación es un elemento horizontal, es prioritario abordar:

- Artes de pesca más selectivas.
- Aprovechamiento de nuevos productos.
- Nuevos sistemas y herramientas que garanticen el control de la actividad y el seguimiento de la obligación de desembarque.
- Eficiencia energética y la utilización de combustibles alternativos.
- Coordinación administrativa y público-privada integrando al sector pesquero y garantizando la transferencia de conocimiento.

De nuevo el FEMPA y FEDER se complementarán en el impulso de la innovación y su aplicación, junto a la transferencia de conocimiento, mejorando el empleo de tecnologías novedosas para una gestión más sostenible de los recursos y avanzar en la modernización del sector.

1.1.2 PESCA COSTERA ARTESANAL

Las prioridades en la PCA, horizontales a todo el Programa, son:

- Mejora de las condiciones a bordo y eficiencia energética mediante *inversiones a bordo y en tierra*, dada la antigüedad media de la flota y el riesgo que ello supone.
- Ayudas a la adquisición del primer buque.
- Medidas formativas para los trabajadores del sector.
- Reforzar los *Sistema de Localización de Buques (SLB)*, *diarios electrónicos y transmisión de datos*.
- La integración en la protección del medio marino, destacando la recogida de residuos y arte: perdidos.
- Reforzar las *asociaciones y organizaciones* que integren a la PCA y abordar su atomización.
- *Pescadores a pie*, en el marco de la mejora de las condiciones laborales y de trabajo, las paradas temporales y la valorización de sus productos.

Gran parte del apoyo a la PCA se articulará a través del FID, destacando la complementariedad del FEMPA con acciones del FEADER en comunidades rurales costeras.

1.1.3 PROTECCIÓN Y CONSERVACIÓN DEL MEDIO MARINO Y GOBERNANZA

Las prioridades son:

- Conservación y protección de los espacios protegidos, *NN 2000* y otros espacios como *reservas pesqueras*, contribuyendo a los *MAI* (Marcos de Acción Prioritarias) y compartiendo con el *PRTR* el objetivo de pasar del 13% de la superficie marina protegida en la actualidad al 30% en 2030. Para lograrlo será necesario recuperar hábitats degradados y compatibilizar las diferentes actividades humanas (recreativas y pesqueras) mitigando sus impactos.
- Seguimiento y Evaluación de las *Estrategias Marinas y Planes de Ordenación del Espacio Marítimo*.

10

- **Pescadores a pie**, en el marco de la mejora de las condiciones laborales y de trabajo, las paradas temporales y la valorización de sus productos.

**AINDA RECOÑECENDO QUE NON SE PODE MANTER PERMANENTEMENTE UN
COLECTIVO A BASE DE SUBVENCÍONS, DASE A PARADOXA DE QUE OS MAIS
AFECTADOS POLOS EVENTOS AMBIENTAIS NON PODEN ACCEDER ÁS AXUDAS**



A REALIDADE DAS ASISTENCIAS TÉCNICAS



A Orde de axudas indicaba que a presenza de persoal técnico nas entidades asociativas do sector dota a Galicia dunha **REDE UNICA E CUALIFICADA** extentida por toda a súa costa para:

- o asesoramento dos plans de xestión,
- para a concienciación do sector,
- e para a recollida e análise dun amplo abano de datos **IMPRESINDIBLES** para o aproveitamento sustentable dos recursos pesqueiros

Resulta moi complicado asesorar a un sector trasladandolle información que non quere oír, cando ademais o teu posto de traballo depende de ter contento a ese sector. É desesperante que o futuro laboral dos técnicos non dependa da calidade do traballo realizado senon da relación coa Xunta Xeral de turno. Non hai época, e de xeito especial nestes últimos meses, na que algún compañeiro non tivera problemas desta natureza

Cada vez que se recorre a motivos socioeconómicos para xustificar as peticións de sectores que cando hai bos prezos queren subir a cuota, e cando os prezos son malos tamén queren subir a cuota, se anula a credibilidade do traballo técnico. A coxestión mal entendida e cortopracista pode levar ao límite a segmentos da pesca artesanal, e elementos externos coma os pescadores deportivos, os furtivos de bañador ou o cambio climático non pode ser a escusa recorrente para ocultar a mala xestión



GRACIAS POLA ATENCIÓN

